

23 de abril de 2023

Día mundial do libro



XUNTA
DE GALICIA

As mediadoras somos redeiras das palabras. Estendemos os nosos libros alí onde sabemos que o peixe pode caer. Cosemos os ocos, cambiamos os títulos se é preciso e procuramos o cardume da lectura cando as mareas e as lúas nos son propicias. Tamén saímos con marexada, en contextos nos que as nosas redes teñen máis difícil prender. Mais nós, que somos bravas e sabemos de lúas, recoñecemos os lugares nos que os libros poden ser abrigo, boa temperatura, un peirao ao que volver.

Así, retamos ás ondas en cada madrugada e ás veces prodúcese o milagre: aparecen mans novas que recollen palabras das nosas mans e as ceiban dentro de si, xa para sempre. Por iso, nunca paramos de aprender novas artes de pesca para saír ao mar do mundo. Para nosoutras, silandeiras e navegantas, todos os días son o día do libro.

Montse Pena Presas

